

CIRCULAR 267

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

SETEMBRO 2017



XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo,

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicoloxía e Coordinador coas Seccións de Psicoloxía da Intervención Social e Xurídica



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaría / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 268 e sairá a principios do mes de novembro de 2017.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de outubro de 2017.

4	Información Xeral
16	Información das Seccións
21	GIPCE
21	Comisión de Ética e Deontoloxía
25	Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo

Editorial

O COPG e o intrusismo profesional

A mellor defensa da profesión é a de poñer a prol da sociedade, á que toda psicóloga e psicólogo se debe, unha sólida formación a cotío revisada así como unha praxe profesional que transparente en cada acto o respecto que merece como persoa humana calquera demandante dos seus servizos.

Así reza o artigo 6º do noso vetusto código deontolóxico: «A profesión de psicólogo/a réxese por principios comúns a toda deontoloxía profesional: respecto pola persoa, protección dos dereitos humanos, sentido de responsabilidade, honestidade, sinceridade para cos clientes, prudencia na aplicación de instrumentos e técnicas, competencia profesional, solidez da fundamentación obxectiva e científica das súas intervencións profesionais».

Esta é a regra áurea que debe cumprir a totalidade das persoas colexiadas no COPG que exercen esta profesión.

A loita contra do intrusismo ten, polo tanto, unha vertente que atinxe a ética de cada un dos membros deste noso Colexio en canto ao exercicio da profesión da psicoloxía. Pero o Colexio, como institución, ten e asume a tarefa de velar por que á sociedade galega se lle ofrezan servizos de psicoloxía que garantan e cumpran coas finalidades que ten nas súas mans: «...o benestar, a saúde, a calidade de vida, a plenitude do desenvolvemento das persoas e dos grupos, nos distintos ámbitos da vida individual e social...» (artigo 5º do Código Deontolóxico).

Neste tempo de confusión e néboa, de crise, a nosa institución colexial debe andar moi atenta, polo tanto, para garantir e cumprir a función clarificadora e desmitificadora do que é saber e facer psicoloxía nos distintos ámbitos en que se desenvolve a vida humana, fronte ás ilusións esotéricas ou os trileiros e moinantes de feira e mixtificacións varias (*vade retro* psico-...).

Máis aínda é defensa da profesión e loita contra do intrusismo a alianza e a colaboración con outras profesións, «...xa que o/a psicólogo/a non é o único profesional que persegue estes obxectivos humanitarios e sociais, convén e necesítase nalgúns casos a colaboración interdisciplinaria con outros profesionais, sen prexuízo das competencias e saber de cada un deles» (artigo 5º do Código Deontolóxico). Por iso debemos saudar como iniciativas prometedoras as que o COPG artella co Colexio Galego de Xornalistas e coa Unión Profesional de Galicia.

Pero tamén sabemos que é preciso estarmos alerta para detectar aquelas situacións irregulares en que organismos ou persoas pretenden acreditarse como psicólogas ou psicólogos sen a debida titulación ou colexiación. Afortunadamente, a experiencia demostranos que, tanto individual coma colectivamente, a nosa institución colexial cumpre con esta función de vixilancia. Animamos a seguir na mesma actitude.

A solución e mellora da condición humana é tarefa común e solidaria.

Non se pode entender a defensa da profesión e a loita contra do intrusismo sen esta bagaxe de compromiso persoal e colectivo do COPG.

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuarias do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantir a mellor calidade.



Relacións institucionais

■ A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o pasado 20 de xullo á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que a decana forma parte representando a Unión Profesional de Galicia.

En representación do Colexio




M^a Rosa Álvarez Prada

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada:

■ Participou no debate sobre o problema do intrusismo profesional no eido sanitario, problemática que afecta moitísimo a psicoloxía, a nosa profesión. Deste debate xurdiron ideas que se levarán no pleno de setembro, no que se someterá a votación unha proposta de actuación contra a problemática do intrusismo sanitario. O debate celebrouse no Parlamento de Galicia o 12 de xullo.

■ Asistiu ao curso «Avances en criminoloxía e psicoloxía xurídica» organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Celebrouse os días 12, 13 e 14 de xullo de 2017 en Ribeira.



Carlos Montes Piñeiro

■ O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG, Carlos Montes Piñeiro, asistiu o 27 de xuño á Comisión de Seguimento do acordo marco de colaboración entre o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e o COPG, co obxectivo de planificar actuacións conxuntas no ámbito da saúde ocupacional.

O COPG e o Consejo General de la Psicología

No marco do III Congreso Nacional de Psicoloxía: «Psicoloxía para una sociedade avanzada. Logros e retos», que se celebrou en Oviedo do 3 ao 7 de xullo organizado polo Consejo General de la Psicología, o COPG tivo a seguinte representación:

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:

- Ás reunións da Junta de Gobierno e da Junta General do Consejo General de la Psicología celebradas o 1 de xullo.
 - Á reunión dos «grupos de traballo internos» do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología o 7 de xullo.
-

Celebráronse as seguintes reunións do Consejo General de la Psicología o día 7 de xullo:

- O membro do Grupo de Traballo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, José Ramón García Gómez, asistiu á reunión da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes.
- O secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco, asistiu á reunión da Área de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Psicoloxía.
- A vicesecretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión da Área de Psicoloxía do Tráfico.
- O coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG, José Luis Domínguez Rey, asistiu á reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e Recursos Humanos (PTORH).



José Ramón García Gómez



José Manuel Oreiro Blanco



Mª Concepción Prado Álvarez



Eva Muíño Gómez



José Luis Domínguez Rey



Mª Dolores Seijo Martínez



Mª Jesús López Cernadas.



Manuela del Palacio García



Xavier Sardiña Agra

Celebráronse as seguintes reunións das distintas Seccións a nivel interterritorial o 7 de xullo:

- A presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, Mª Dolores Seijo Martínez, asistiu ao II Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía Xurídica.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu ao III Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía da Intervención Social.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García, asistiu ao II Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía Educativa.
- O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra, asistiu ao II Encontro Anual Interterritorial da División de Psicoloxía Clínica e Saúde.



Asistentes á reunión da División de Psicoloxía Clínica e da Saúde do Consejo General de la Psicología



Mª Dolores González Fernández

- A coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, Mª Dolores González Fernández, asistiu ao III Encontro Anual Interterritorial de Psicoloxía da Actividade Física e o Deporte.

III Congreso Nacional de Psicoloxía e IV Convención do Consejo General de la Psicología

Do 3 ao 7 de xullo celebrouse en Oviedo o **III Congreso Nacional de Psicoloxía: «Psicoloxía para una sociedade avanzada. Logros e retos»**, organizado polo Consejo General de la Psicología. Nel participaron cerca de 1.500 congresistas, e contou con representación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Asistiron ao congreso as seguintes persoas:

- A decana do COPG e coordinadora do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología, M^a Rosa Álvarez Prada, como representante do Grupo de Traballo, moderou a mesa redonda «Retos da abordaxe integral da violencia machista», na que participaron Andrea Olle-ro Muñoz do COP de Valencia, Ilham El Mahdaoui Kaddouri do COP de Melilla, Laia Rosich do COP de Catalunya e Juan Carlos Gutiérrez Pérez do COP do Principado de Asturias. Tamén moderou o simposio «Psicoloxía e xénero: logros e retos», no que participaron Luisa Velasco, Santiago Boira Sarto, Coto Taléns e M^a Concepción Rodríguez Pérez. O Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología presentou un póster no congreso.
- A presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa do COPG, Manuela del Palacio García.
- O presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra.
- A coordinadora da Comisión de Psicoloxía do Deporte do COPG, M^a Dolores González Fernández.
- A vogal da Xunta de Goberno, Olegaria Mosqueda Bueno, e a secretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez, presentaron a comunicación en formato póster co título «Avaliación psicolóxica de mergulladores profesionais».



Olegaria Mosqueda Bueno



Hipólito Puente Carracedo



Mª Concepción Rodríguez
Pérez



Alejandra Fernández
Rodríguez

■ O vicedecano, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao congreso e presentou o relatorio «Intervención co alumnado en problemas múltiples con raíz emocional» como membro da División de Psicología Educativa do Consejo General de la Psicología.

■ A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muño Gómez, asistiu ao congreso e presentou o simposio «Intervencións psicolóxicas con infractores/as relacionados coa seguridade viaria».

■ A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, Mª Concepción Rodríguez Pérez, asistiu ao congreso e presentou o simposio «Violencias invisibles».

■ Os membros do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG, José Ramón García Gómez, Concepción López Martín e Ana Mª Núñez Rubines, presentaron os pósters «Intervención GIPCE no accidente do tren Alvia. Santiago de Compostela» e «Psicología de emerxencias en Galicia».

■ O coordinador do Programa Abramos o Círculo, Rubén Villar Trencó, presentou o póster «Programa Abramos o Círculo, programa de atención psicolóxica para homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar».

■ Os membros da Xunta de Goberno José Luis Domínguez Rey e Alejandra Fernández Rodríguez.

Na IV Convención do Consejo General de la Psicología, baixo o lema «Unha ciencia, unha profesión», abordáronse nas diferentes reunións de traballo as temáticas sobre «perspectivas de futuro laboral da profesión», as «necesidades de formación», e a «identidade e unidade da profesión». Celebrouse o día 8 de xullo e asistiron:

■ A decana do COPG, Mª Rosa Álvarez Prada.

■ A presidenta da Sección de Psicología da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas.

■ A presidenta da Sección de Psicología Educativa do COPG, Manuela del Palacio García.

■ O presidente da Sección de Psicología e Saúde do COPG, Xavier Sardiña Agra.



Durante a conferencia, membros do COPG con Ángel Carracedo Álvarez

Momentos do Congreso

- A vogal da Xunta de Goberno do COPG, Olegaria Mosqueda Bueno.
- A secretaria do COPG, M^a Concepción Prado Álvarez.
- O vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo.
- A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez.
- A coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero do COPG, M^a Concepción Rodríguez Pérez.
- O secretario do COPG, José Manuel Oreiro Blanco.
- A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, M^a Leonor Galiana Caballero.
- O membro da Xunta de Goberno e coordinador da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) do COPG, José Luis Domínguez Rey.

Convenio de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia renova o convenio de colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia para a atención ás mulleres que sofren violencia de xénero e homes con problemas de control de violencia. O luns 24 de xullo levouse a cabo en Santiago de Compostela a sinatura do convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, para a atención a mulleres que sofren violencia de xénero (PAPMVX) e para homes con problemas de control de violencia no ámbito familiar (Abramos o Círculo).



Momento da sinatura do convenio

Desde o ano 2009 beneficiáronse un total de 3.649 persoas do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero (PAPMVX), das cales 2.589 foron mulleres, 924 menores e 136 persoas dependentes. Por outro lado, no Programa Abramos o Círculo foron atendidos 579 homes con problemas de control de violencia.

Nova edición extraordinaria do FOCAD

O Consejo General de la Psicología puxo en funcionamento unha nova edición extraordinaria con 9 cursos das tres edicións anteriores do FOCAD do ano 2016 para poder descargar e imprimir para o seu estudo.

Os cuestionarios de avaliación estarán dispoñibles desde o 17 de xullo ata o 30 de setembro de 2017.

Os materiais dispoñibles son:

- Ciberterapias: tratamentos mediados por ordenador e outras tecnoloxías.
- Intervención con mulleres vítimas de violencia machista desde unha perspectiva de xénero a través do empoderamento.
- Deberes legais básicos en ética profesional e deontoloxía, de obrigado cumprimento en psicoloxía.
- Atención psicolóxica a vítimas de violencia de xénero: avaliación, intervención terapéutica e ferramentas.
- A táctica do cambio. Introducción á terapia breve estratéxica.
- Adolescentes e internet: claves para entender e previr.
- Violencia filio-parental ou maltrato de fillos ou fillas a pais ou nais.
- Trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Selección de persoal.



Para máis información
<http://www.cop.es/index.php?page=focad>

Creación de FOCAD para membros das divisións

O Programa de Formación Continuada a Distancia en Psicoloxía (FOCAD) do Consejo General de la Psicología inicia unha nova liña de formación específica para os membros das actuais Divisións postas en marcha polo Consejo.

Os cuestionarios de avaliación poderán contestarse desde o **17 de xullo ata 31 de decembro de 2017**.

Os materiais dispoñibles son:

División de Psicoloxía da Actividade Física e do Deporte:

- Como ser competente como profesional da psicoloxía do deporte?

División de Psicoloxía Xurídica:

- Valoración forense do dano psicolóxico en vítimas de violencia de xénero.

División de Psicoloxía Clínica e da Saúde:

- Trastornos de personalidade, trauma e disociación estrutural.

División de Psicoterapia:

- Regulación emocional aplicada ao campo clínico.

II Edición do Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG


A Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia convocou a segunda edición do **Premio da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG, de dous recoñecementos para os colexiados e colexiadas que desenvolvan o seu traballo no ámbito da psicoloxía xurídica.**

Poderán concorrer todas as persoas físicas, individualmente ou conformando un equipo de traballo ou investigación; ou xurídicas que estean colexiadas no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e que pertenczan á Sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no momento da convocatoria.

O prazo de presentación vai desde o 31 de xullo ata o 14 de outubro de 2017 ás 14:00 horas.

Podes consultar as bases do premio en <https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-xuridica/ii-edicion-do-premio-da-seccion-de-psicologia-xuridica-do-copg>.

Cadernos da Psicoloxía n.º 35



Xa está á vosa disposición na páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o número 35 de *Cadernos de Psicoloxía*, publicación que edita o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Este número recolle as contribucións de psicólogos e psicólogas mozas coa finalidade de ilustrar algúns dos seus intereses e as respostas que propoñen para resolver os problemas profesionais. Trátanse temas como a anorexia nerviosa, a linguaxe e a deterioración cognitiva lixeira (DCL), a estimulación con novas tecnoloxías, o adestramento en competencias e cognición social en doentes con dano cerebral e a conduta antisocial nos adolescentes expostos á violencia familiar.

Podes acceder á publicación completa no enlace: <https://cadernos.copgalicia.gal/caderno-35/editorial/editorial>

IX Xornadas Estatais de Psicoloxía Contra a Violencia de Xénero

Os días 24 e 25 de novembro celébranse no Auditorio de ABANCA en Santiago de Compostela as **IX Xornadas Estatais de Psicoloxía contra a Violencia de Xénero**, organizadas polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología, que este ano levarán como título «**Abrindo o foco: A violencia de xénero un problema con rostros**».

Lembramos que o prazo de inscrición con cota reducida remata o vindeiro 1 de outubro e que as xornadas están recoñecidas de interese sanitario pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

Podes ver toda a información, así como o avance do programa científico, na web <https://xornadasviolenciaxenero.copgalicia.gal/presentacion>

I Premio UICM a Profesionais Colexiados

Unión Interprofesional de la Comunidad de Madrid (UICM) acaba de convocar a primeira edición do Premio UICM a Profesionais Colexiados para galardoar o mellor artigo, ensaio ou libro sobre colexios profesionais e o exercicio das profesións, publicado no territorio do Estado español entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2016.

O premio está dotado con 1.000 € e un diploma de recoñecemento. O prazo de presentación de candidaturas estará aberto ata o 2 de outubro de 2017.

Podes consultar as bases completas en http://www.uicm.org/Documentos/UltimaHora/I_Premio_UICM_a_Profesionales_Colegiados.pdf.



AVISO

Nova campaña de Caser Seguros para colexiados e colexiadas.

Desde Caser Seguros poñen á disposición dos colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia unha nova oferta de póliza de seguro de saúde.

Podes consultar toda a información no enlace da páxina web:

https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/ofertas_caser_veran.pdf

MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode consultarse nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: [@copgalicia](https://www.twitter.com/copgalicia)

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADA-Galicia-4811703/about>

CARNÉ DE COLEXIACIÓN

—
Pola defensa
da profesión

—
Pola loita contra
o intrusismo

—
Para outorgarnos forza
e representatividade
como colectivo



APELIDOS
NOME

G-7542
Número de colexiado/a

5562
Número de rexistro



Nome Apellido Apellido

O teu número
de colexiación
ten moito valor
faino ver

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Recordatorio: formación en A Coruña e Ourense

Como se informou na anterior *Circular Informativa*, a formación prevista pola Sección de Psicoloxía e Saúde desenvolverase nas seguintes datas:

- Os días 29 e 30 de setembro celebrárase no Hospital de Oza (A Coruña) o **curso «Terapia de grupo no contexto hospitalario e da atención primaria»**. Será impartido por **Jorge García Fernández**, doutor en Psicoloxía e psicólogo clínico na Unidade de Interconsulta e enlace co Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC), e **Miguel Gárriz Vera**, psicólogo clínico no Parc de Salut Mar de Barcelona e coordinador do Grupo de Traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria do COP Catalunya.
- Por outra parte, o vindeiro 21 de outubro terá lugar o **curso «A caixa de area como ferramenta en psicoterapia»** no Hospital Santa María Nai de Ourense. Será impartido por **Raquel E. San José**, psicóloga clínica e codirectora do Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra.

Información sobre as XXII Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde

Os días 16, 17 e 18 de novembro celebráranse en Betanzos (A Coruña) ás vindeiras **XXII Xornadas de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** que levarán por título este ano **«Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés dentro do comunitario»**. Estas xornadas pretenden invitar á reflexión sobre como afecta a saúde das persoas ao modelo de organización comunitario actual e dar voz a colectivos de usuarios e usuarias e traballadores e traballadoras de diferentes contextos. Ata o día **20 de outubro** poderanse presentar as **propostas de comunicacións libres e pósteres**.

Xa se pode consultar o programa no enlace da páxina web do COPG https://copgalicia.gal/system/files/PDFs/xerais/programa_preliminar_xxii_xornadas_psicologia_e_saude.pdf

Contaremos cun **obradoiro** na tarde do xoves co título «**A crianza nos primeiros anos: novas realidades, novas dificultades, novas oportunidades**», impartido por **Vicenç Arnáiz Sancho**, psicólogo e presidente do Observatorio da Infancia e da Familia de Menorca e escritor de múltiples libros e artigos centrados na educación infantil, na identidade e na afectividade dos menores. Ademais, teremos distintas mesas que abordarán o estres en relación co contexto no que vivimos, co estado social, a situación da muller, a infancia e a intervención comunitaria desde unha perspectiva multidisciplinar.

Nas xornadas tamén terá lugar a **presentación do Anuario da Sección de Psicoloxía e Saúde n.º 10** así como as **conclusións dos Grupos de Traballo dependentes da Sección**, centrados nas áreas de atención primaria, neuropsicoloxía e atención ao trastorno mental grave.

No marco das xornadas, o venres 17 terá lugar a **assemblea de socios e socias da Sección**, onde se presentará a memoria de xestión e o estado de contas da Sección, así como a proposta do Comité Científico e do Comité Organizador das vindeiras xornadas.



Eleccións á Xunta Directiva da Sección

O 22 de setembro remata o prazo de presentación de candidaturas ante a Comisión Electoral e o vindeiro 16 de outubro enviarase aos socios e socias a información correspondente ás candidaturas presentadas e os seus programas.

O proceso electoral desenvólvese de conformidade co Regulamento Interno da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. A Xunta Directiva da Sección acordou na súa reunión do pasado 23 de maio convocar as eleccións á Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde con data 9 de agosto de 2017. Poderán participar como electores e elixibles os membros que formen parte da Sección o día da convocatoria das eleccións. Co obxecto de supervisar o proceso constitúese a **Comisión Electoral** que estará formada polo presidente, a secretaria e unha vogal da Comisión de Ética e Deontoloxía.

A **Xornada Electoral será o venres 17 de novembro de 2017** no marco das XXII Xornadas da Sección. A votación terá lugar na

Asemblea de Socios e Socias da Sección. Lembrade que pode-
des votar presencialmente ou solicitar o voto por correo ata o día
7 de novembro. Os resultados serán proclamados definitivamente
pola Comisión Electoral o venres 1 de decembro.

Máis información en:

[https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/
convocatoria-de-elecciones-xd-da-seccion-de-psicologia-e-saude.](https://copgalicia.gal/novas/seccion-de-psicologia-da-saude/convocatoria-de-elecciones-xd-da-seccion-de-psicologia-e-saude)

*Ligazón ao apartado da
Sección de Psicoloxía e
Saúde da páxina web do
COPG: [https://copgalicia.
gal/secciones/psicologia-
e-saude](https://copgalicia.gal/secciones/psicologia-e-saude)*

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

A Sección de PTO e a División de PTORH na convención profesional

Con motivo da celebración do III Congreso Nacional de Psico-
loxía, celebrado o pasado mes de xullo na cidade de Oviedo,
tivo lugar a IV Convención do Consejo General de la Psicología
no cal se analizaron e debateron temas de interese sobre as
divisións profesionais, competencias, acreditacións ou estrutura
e servizos. Participouse nas mesas de traballo sobre necesidades
de formación e as perspectivas de futuro laboral da profesión.
Na vindeira reunión da coordinadora da Sección, trataranse as
propostas e as conclusións das reunións de traballo para consi-
deralas nas nosas actividades e debates.

Polo que respecta á participación no itinerario de Psicoloxía do
Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Con-
greso, a División PTORH perfilou e organizou sesións temáticas
sobre «O futuro do emprego e o emprego do futuro», sobre
«Organizacións e psicoloxía avanzada» e sobre «Normas para a
xestión de persoas en contornas organizacionais» que posibilitou
puntos de encontro de persoas expertas en xestión de recursos
humanos e o debate sobre cuestións de interese como son os
procesos actuais de acreditación profesional, as políticas de em-
prego, o impacto das novas tecnoloxías no ámbito do traballo e
os sistemas de normalización e as boas prácticas para a xestión
e desenvolvemento do persoal.

No marco do Congreso celebrouse a reunión da Xunta Directiva da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos (PTORH) do Consejo General de la Psicología, na que se abordou e analizou o desenvolvemento do proceso de Certificación EuroPsy en PTO, a situación actual da Norma TC/260 sobre xestión de Recursos Humanos e as actividades do Comité de Normalización e a proposta de contidos do **II Congreso Internacional e VI Nacional de Psicoloxía do Traballo** que terá como lema «**Psicoloxía e competencia empresarial**», e que se celebrará en Valencia en marzo de 2018. Un encontro de profesionais co obxectivo de poñer énfase no valor estratéxico que achega a psicoloxía PTORH á competitividade das empresas e ao benestar nas organizacións, onde a innovación tecnolóxica, a dirección de persoas, as contornas saudables e a promoción da saúde, serán as liñas estratéxicas para desenvolver os contidos das intervencións.



Formación e investigación: Observatorio Generación & Talento

Co obxectivo de promover as boas prácticas nas organizacións e impulsar a xestión da diversidade xeneracional, o Observatorio Generación & Talento como órgano para a investigación, análise e formación no escenario sociolaboral, facilita información e ferramentas formativas para o desenvolvemento de persoas, políticas directivas en organizacións e programas de xestión do coñecemento.

Máis información en: www.generacciona.org

Informe sobre o benestar e o ámbito laboral

Recentemente deuse a coñecer un informe da Society For Industrial and Organizational Psychology e a Society For Human

Resource Management sobre o impacto do traballo no benestar das persoas no que se presentou unha revisión da literatura científica sobre a problemática e diversas cuestións relacionadas co benestar dos traballadores e das traballadoras tanto no plano individual como organizacional. Entre outros aspectos, como a identificación de estresores específicos, vida familiar, a seguridade, nivel de produtividade ou estados emocionais son considerados para establecer un repertorio de recomendacións para as persoas que dan emprego ou lexislan, co obxectivo de impulsar accións para fomentar o benestar psicolóxico.

Información e referencias sobre o documento:

<http://www.infocoponline.es/pdf/BIENESTAR-EMPLEADOS.pdf>

Propostas para a Revista Europea de Psicología do Traballo

Recordamos que ata o vindeiro 31 de outubro pódense enviar propostas para publicar no número especial sobre investigacións no ámbito do traballo e organizacións na EJWOP (*European Journal of Work and Organizational Psychology*). Enviaranse ao enderezo de correo electrónico: kevin.daniels@uea.ac.uk

Toda a información sobre os requisitos pode verse no enlace: http://explore.tandfonline.com/cfp/beh/european-jnl-work-organizational-psychology-impactful-research/?utm_source=TFO&utm_medium=cms&utm_campaign=JMF01139



XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protextdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]

GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS (GIPCE)

Simulacro

O pasado 27 de xuño desenvolveuse no aeroporto de Peinador (Vigo) un simulacro de accidente aéreo dunha aeronave comercial de pasaxeiros con orixe en Vigo. Centrouse na atención a vítimas e familiares tras un accidente aéreo. Estivo coordinado por **M^a Leonor Galiana Caballero** e nas tarefas deste novo simulacro participaron **Olegaria Mosqueda Bueno** e **Soledad Ozores Dopereiro**, membros do Grupo de Intervención GIPCE 112, e **Hafdallah Menni El-Ouali** e **Ángela Mosquera Gavilán**, membros de recente incorporación do GIPCE-COPG como parte do programa formativo. Posteriormente, o 6 de xullo, celebrouse unha reunión de traballo para valorar os resultados da participación no citado simulacro, á que acudiu a compañeira **Soledad Ozores Dopereiro**.



Momentos do simulacro



III Congreso Nacional de Psicoloxía

Ana M^a Núñez Rubines, **Concepción López Martín** e **José Ramón García Gómez**, membros da Comisión Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias participaron no III Congreso Nacional de Psicoloxía, recentemente celebrado na cidade de Oviedo do 3 ao 7 de xullo, coa presentación de dous pósteres. Nun deles presentouse o desenvolvemento da psicoloxía das emerxencias na nosa comunidade autónoma

desde o ano 2005 ata o ano 2015, facendo unha revisión da nosa historia a través da análise das intervencións levadas a cabo nestes anos. O segundo póster tratou sobre a intervención do GIPCE no accidente do tren Alvia ocorrido o 24 de xullo de 2013.

No marco do III Congreso, celebrouse a Reunión Estatal de Emerxencias á que acudiu José Ramón García Gómez en representación do GIPCE. Abordáronse entre outros temas o da acreditación de Psicólogo/a Experto/a en Emerxencias e Catástrofes e as súas vías de acceso, o cómputo de méritos e os trámites de acceso para aquelas persoas que, tendo experiencia e formación, non pertencían aos grupos dos colexios profesionais, onde os houbera. Así mesmo, falou-se de temas de interese como son a avaliación das intervencións en emerxencias que está realizando xa o COP de Andalucía Oriental e que expuxo no Congreso, as distintas participacións que a Área de Emerxencias tivo a través do Consejo General de la Psicología no Congreso, o simulacro que a UME realiza anualmente e que nesta ocasión tivo lugar en Asturias, o perfil de competencias dos e das profesionais da psicoloxía en emerxencias que está a desenvolver o COP de Melilla e a valoración da colaboración dos membros de distintos grupos en empresas privadas que actúan no ámbito das emerxencias.

Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE):
<https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/gipce>



HOMOLOGADO POLA
FEDERACIÓN ESPAÑOLA
DE ASOCIACIÓNS
DE TERAPIA FAMILIAR
EFTA, MEMBERSHIP

PSICOESTUDIO

Telf: 986 295 621

N. R. S.: C-36-001546

KARMA

Telf: 986 471 439

N. R. S.: C-36-000861

www.formacioncambio.com
psicoestudio@psicoestudio.com
karmapsicologia@mundo-r.com

Grupos reducidos
Seminarios con especialistas
Prácticas in vivo supervisadas
Horarios e contidos adaptados
ao/a alumno/a ou profesional interesado/a

equipo de formación e supervisión:

José Manuel González Alonso
Celia Cameselle Taboada
José Antonio Muñiz Torrado
Manuel Lopo Lago

colaboradores asociados:

Emilio Gutiérrez García
(Unidade Venres Clínico
Universidade Santiago de Compostela)

José Luis Rodríguez-Arias Palomo
(Complejo Hospitalario Universitario A Coruña, C.H.U.A.C.)

■ Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.

■ Actúa con responsabilidade. O descoñecemento da lei e das normas non te exime de responsabilidade.

■ Utiliza instrumentos e métodos validados cientificamente.

■ Mantén unha formación continuada, tanto desde o punto de vista científico e técnico como deontolóxico. Garantirás deste xeito a túa competencia profesional.

■ Actúa con imparcialidade, sobre todo cando teñas coñecemento que estás ante intereses persoais ou institucionais contrapostos.

■ Respecta a privacidade. Obtén os datos persoais estritamente necesarios para a actividade profesional concreta.

■ Respecta a confidencialidade. Explica, ao inicio da intervención profesional, os límites da confidencialidade.

■ Protexe coidadosamente os datos de carácter persoal.

■ Solicita o consentimento informado expreso ao inicio da intervención.

■ Nas intervencións con menores de idade é preciso o consentimento dos proxenitores, sempre que non estean privados da patria potestade. No caso de que che conste a oposición dun dos proxenitores, non inicies

RECOMENDACIÓNS DEONTOLÓXICAS NA INTERVENCIÓN PROFESIONAL

a intervención ou paralización, salvo que contes con autorización xudicial.

■ O suxeito dun informe psicolóxico ten dereito a coñecer o contido do mesmo. Se che solicita unha copia, dállea.

■ No caso de menores de idade, o pai, a nai ou titores teñen dereito a coñecer o contido do informe que realices, independentemente de cal deles solicítase a túa intervención.

■ Evita situacións confusas, nas que o teu rol sexa ambiguo ou confuso.

■ Non te atribúas titulacións que non posúas.

■ Non desacredites a colegas de profesión, sen prexuízo da crítica científica que estimes oportuna.

■ Non restrinxas a liberdade das persoas de abandonar a intervención e acudir a outro ou outra profesional.

■ Nos teus informes escritos sé prudente e cauto/a. Non empregues etiquetas devaluadoras.

■ Os teus informes psicolóxicos deben ser claros, precisos, rigorosos e intelixibles para o seu destinatario. Debes expresar o seu alcance e limitacións, o seu carácter actual ou temporal e as técnicas utilizadas.

■ Non emitas xuízos, comentarios ou conclusións sobre persoas que non avalíaches e non deron o seu consentimento.

Ligazón ao apartado da **Comisión de Ética e Deontoloxía** da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/comision-de-etica-e-deontoloxia>

O CÓDIGO DEONTOLÓXICO
PARA NÓS

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, as xornadas e os congresos que non organiza o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa na seguinte ligazón da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

ÚLTIMOS COLEXIADOS E COLEXIADAS DE GALICIA

G-05665	Abeledo Garrido	María Jesús
G-05666	Rodríguez Blanco	Paloma
G-05667	Martínez Lema	Lourdes
G-05668	Gómez Molina	Sarai
G-05669	Martínez Sánchez	Sonia
G-05670	Fernández Riesco	Lucía
G-05671	Rodríguez Campos	José Luis
G-05672	Otero Pena	Anxela
G-05673	Dalama Corbeira	Raquel
G-05674	Piñón Calvar	Alicia
G-05675	López Muiños	Claudia
G-05676	Rodríguez Neira	Sandra
G-05677	Meijide García	Cristina
G-05678	Colino Díez	Sabela
G-05679	Val Noguerol	Alba
G-05680	Ferrari Rodríguez	Andrea
G-05681	Méndez Penedo	Marta
G-05682	Gutiérrez Palazuelos	Elena
G-05683	Montes Puga	Sharlyne Anneite
G-05684	Díaz Vázquez	Beatriz
G-05685	Forján Villar	María Teresa
G-05686	Romeu García	Elena
G-05687	Magariños Casal	María
G-05688	Seoane García	Nair
G-05689	Bonvehí San Martín	Lúa
G-05690	Pichín Rodríguez	Iria
G-05691	De León Sampedro	Hugo
G-05692	Caamaño González	Raquel
G-05693	Carreira Capeáns	Cecilia
G-05694	Fernández Vázquez	Alba
G-05695	Gómez Salgado	Patricia
G-05696	Núñez Martínez	Violeta
G-05697	Pérez Vázquez	Cristina

Xa somos
2917 colexiadas
e colexiados

PRESENZA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA NAS DIVISIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA



PsiE

División de Psicología
Educativa

Hipólito Puente Carracedo
G-0313



PsiJur

División de Psicología
Jurídica

Mercedes Novo Pérez
G-1492



PCyS

División de Psicología
Clínica y de la Salud

Francisco J. Sardiña Agra
G-1756



PACFD

División Psicología de la
Actividad Física y el Deporte

Mª Dolores González Fdez.
G-1935



PTORH

División Psicología
del Trabajo Organizaciones
y Recursos Humanos

José Luis Domínguez Rey
G-0136



PISoc

División de Psicología
de Intervención Social

Mª Jesús López Cernadas
G-1492

ESTATUTOS PARA NÓS

DOS DEREITOS E DEBERES
DOS COLEXIADOS E COLEXIADAS

FUNCIÓNS E FINS

DA ORGANIZACIÓN DO COLEXIO

DO VALEDOR DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DO CONSELLO SOCIAL

OBRIGATORIEDADE DE
COLEXIACIÓN E DE INSCRICIÓN
NO REXISTRO DE SOCIEDADES
PROFESIONAIS

EXERCICIO PROFESIONAL

AS SECCIÓN

DA PARTICIPACIÓN DOS/AS
COLEXIADOS/AS

DA COMISIÓN DE
ÉTICA E DEONTOLOXÍA

DO RÉXIME ECONÓMICO E
ADMINISTRATIVO

DO RÉXIME DISCIPLINARIO
E DE DISTINCIÓNS

CIRCULAR

INFORMATIVA

Contido:

Editorial

Información Xeral

Información Seccións

Comisión de Ética e Deontoloxía

Últimos Colexiados/as


Cursos, Xornadas e Congresos

Servizos aos colexiados

Medios de comunicación

Relacións Institucionais

Avisos e anuncios





Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio
De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

*Do 1 ao 30 de xuño e do
1 ao 30 de setembro*
Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,
Martes de 8.00 a 20.00 h
Do 1 de xullo ao 31 de agosto
De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos